

Hamlet, segundo Cunqueiro

Galaxia vén de publicar un volume coa obra dramática de Álvaro Cunqueiro, un dos autores máis prometedores do xénero na creación de expresión galega. E dicimos “prometedores” porque Cunqueiro viu truncadas ben cedo as esperanzas de que a súa creación fose máis alá da follá impresa. En realidade, todo parece indicar que o noso autor inicia a súa traxectoria literaria como poeta e dramaturgo, pois na altura en que edita obras como *Mar ao Norde* (1932), *Cantiga nova que se chama Ribeira* (1933) ou *Poemas do si e do non* (1933), tamén publica un fragmento dunha obra titulada *Rúa 26* no número 6 da revista *Yunque*, ou escribe o que se coñece como *Xan, o bo conspirador, prólogo dunha invención en dous actos* que xamais remataría. Nestes dous bosquexos atopamos un autor vinculado directamente coa experimentación vangardista que decorría en toda España, alentada por volumes como aquel que Guillermo de Torre publicara en 1925 co título de *Literaturas Europeas de Vanguardia*, todo un revulsivo e un exemplo para moitos mozos que procuraban orientacións novas. Lendo eses dous fragmentos, de textos en proceso, cabe imaxinar o que terían dado de si autores como o propio Cunqueiro ou Otero Pedrayo se a nosa historia fose outra.

O volume recolle algunha peza rematada. Velaí *A noite vai coma un río*, dura recreación dos efectos devastadores dos soños imposibles, ambientada nun mundo en guerra e no que a desolación exterior se mestura coa máis absoluta soidade interior. Tamén inclúe proxectos non concluídos como *Palabras de véspera*, que nalgún momento se imaxinou como peza longa, en tres actos e con moitos cadros, e que trataba dos amores e desamores entre os fillos e as fillas de Fernando I de Castela, entre os que estaba aquel Don García, rei –breve– que foi de Galicia. Tamén se atopan outras interesantes curiosidades como *Función de Romeo e Xulieta* ou dúas escenas breves dun drama chinés.

No conxunto destaca a peza titulada *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, na que Cunqueiro recrea a figura do personaxe recollido por Shakespeare das sagas nórdicas, para ofrecernos outra lectura posible da súa peripecia vital, iluminar zonas escuras da historia familiar e indagar a xénese da desfeita na casa real de Dinamarca. As razóns da súa pescuda explícanse nunhas “Notas” que o autor escribe no verán de 1973 para a primeira edición. Esta data de 1974, mais foi escrita en 1959. Neste ano ten lugar a primeira escenificación, presentada no Teatro Colón da Coruña pola Asociación Cultural Iberoamericana, con dirección de Antonio Naveira Goday.

Propón Cunqueiro unha lectura do conflito certamente orixinal, en tanto converte a Hamlet en fillo natural

do Usurpador, pero recupera tamén vellos costumes tribais que permitían aquel tipo de casamento ou unión que os gregos acabaron por considerar como aberración, pero posible nas primeiras sociedades agrarias. Nesa dirección, Cunqueiro vai camiño de escribir unha traxedia certamente aberrante, primaria, primitiva, terrible. Por usar as súas palabras “a meirande traxedia de todas”, en tanto o home mata ao pai e casa coa nai, nunha sorte de unión máxica e ritual.

Mais non é esa a traxedia que nos traslada Cunqueiro, que ademais precisaría doutro desenvolvemento, alleo por completo aos xogos da simulación que nos propón Hamlet coa axuda dos cómicos, e que informan da imposibilidade de que un tal príncipe, cultivado e sensible, asuma unha conduta ancestral. Hamlet acaba por ser un príncipe cristián, resentido e cheo de remorsos,

pois como proclama o Coro no pranto final “dunha cama de pecado saen estas desgraças”. Por iso, debemos considerar esta versión de Cunqueiro, sempre excelente, como a reviravolta incompleta dun mito. Claro que naquela altura facer unha versión ancestral do mesmo, recrear un-

ha conduta tribal non refreada aínda por consideracións edípicas e baseada na dimensión máis instintiva do comportamento podería ser unha impostura imposible. Con todo, Cunqueiro deixou aberta esa porta, para unha dramática máis abeirada á crueldade.

Unha reviravolta incompleta do mito

MANUEL F. VIEITES

Vimos de recibir un novo número desta revista editada pola Deputación de A Coruña, e dirixida por Francisco Pillado, coa colaboración de Manuel Lourenzo, Santiago Fernández, Isaac Ferreira e Xesús Pisón..

Nesta ocasión o volume dedícase ao amor, e recolle pezas breves dunha mancha de autores: uns cunha traxectoria abondo coñecida e outros cunha carreira literaria aínda por facer. O volume constitúe así unha mostra das posibilidades da nosa escrita dramática e unha boa oportunidade para consideralas, sen apriorismos máis co rigor necesario. Este conxunto de materiais varios contén, en efecto, múltiples indicadores formais, estilísticos ou de contido que falan de tendencias, apostas e liñas de traballo variadas máis cun pulo anovador en aparencia.

Casahamlet, 9

Como Irlanda, Galicia é terra de poetas, o que non deixa de ser unha boa cousa, pois o cultivo da poesía, máis aló da dimensión cualitativa dos traballos, non deixa de ser un costume ou lideira sumamente recomendable, polo que ten de exercicio expresivo e creativo, de descuberta persoal. Outra cousa é o que se poida facer cos poemas, cos relatos, coas novelas, cos textos dramáticos... Sen dúbida, hai nesta miscelánea elementos suficientes para artellar un espectáculo ao estilo dos vellos centóns., e quizais só con iso o traballo dos editores se vexa recompensado. Pero non debemos esquecer o carácter de inventario de existencias, pois a miscelánea tamén indica aquilo que pode ser posible ou mesmo imposible.

Completan o conxunto, traballos de Afonso Becerra, Henrique Rabuñal, Carlos Biscainho, Laura Tato ou María Pilar García Negro, que enfrontan o estudo do amor na tradición literaria galega e universal. A destacar o da profesora García Negro, que propón unha nova lectura do Castelao dramaturgo. Como sempre, as páxinas da revista recollen unhas ilustracións excelentes.

